

A revista en papel (e PDF) usando Scribus


Índice

INTRODUCCIÓN.....	2
MOLDURA DE TEXTO.....	4
COPIAR TEXTO A UNHA MOLDURA.....	8
TEXTO QUE OCUPA DÚAS MOLDURAS.....	8
MOLDURA DE TEXTO CON FORMA ESPECIAL.....	9
MOLDURA CON FORMA LIBRE.....	10
POÑER UN TEXTO EN COLUMNAS.....	11
CREAR UN ESTILO.....	13
EMPREGAR ESTILOS.....	15
MOLDURAS DE IMAXE.....	16
FORMAS.....	17
PÁXINAS MESTRAS.....	18
INTRODUCIR MÁIS PÁXINAS.....	19
BORRAR PÁXINAS.....	19
EXPORTAR A PDF E IMPRIMIR.....	20


INTRODUCCIÓN

Scribus é un software libre gratuito de maquetación utilizado para crear revistas, folletos, ... Existen moitos tutoriais na rede, así que nos centraremos nesta parte en ver os elementos imprescindibles posto que ten múltiples opcións e levaría moito tempo velas todas.


O primeiro vai ser configurar o programa **a primeira vez** que o abras. Cando o executas ábrese unha ventá similar á da imaxe. Pica en “**Cancelar**”:



Vai a “**Archivo > Preferencias**” ou “**Ficheiro > Preferencias**”. En “**Xeral**” podes determinar o idioma da interface do programa:




En “Documento” podes establecer o tamaño do papel por defecto (no exemplo A4), a orientación (retrato ou apaisada), as unidades (no exemplo ponse en cm) e as marxes (no exemplo 1 cm):





Hai máis opcións pero para o noso uso é suficiente. Pica en “Aceptar” para gardar os cambios.

Vai a “Ficheiro > Novo”, ábrese unha ventá como a do principio, se non queremos mudar nada (orientación, tamaño papel, ...) definimos o número de páxinas (no exemplo 2) e picamos en “Aceptar”.




Podes modificar o zoom cas ferramentas situadas abaixo á esquerda.

Abaixo á dereita hai un ollo, podes activalo e desactivalo para ver como queda o que estás a facer posto que, como verás máis adiante, aparecerán liñas auxiliares na pantalla que non se verán ó imprimir o documento:





MOLDURA DE TEXTO

As molduras son contedores que se deseñan para incluír texto. Sitúate na primeira páxina e pica no botón “**Moldura de texto**”:





Traza un rectángulo que conterá o texto:




Sitúa o cursor sobre a moldura, preme o botón dereito do rato e selecciona: “**Texto de mostra**”. Escolle *Lorem Ipsum* e 1 parágrafo. Pica en “**Aceptar**”.

Se na esquina inferior dereita do programa che aparece un cadradiño cun X como na imaxe inferior é porque o texto non entra na moldura.




Nos bordos da moldura aparecen uns cadradiños que podes mover para modificar o tamaño ata que vexas que entra todo o texto.


Sitúa o cursor sobre a moldura, preme o botón dereito do rato e selecciona “**Modificar ou editar texto**”. Aparece un editor de texto no que podes modificar a fonte, tamaño, espazamento, cor, ... Para ver como van quedando os cambios podes ir pulsando o botón sinalado cunha frecha:




Pica no botón da imaxe para saír do editor gardando os cambios:




Ca moldura seleccionada preme a **tecla F2** (tamén podes premer o botón dereito do rato > *Propiedades*). Aparecerache unha ventá como os da imaxe con múltiples opcións. Veremos só algunhas (no exemplo rotouse a moldura):



Se picas na pestana "**Texto**" podes modificar a fonte, tamaño, cor, ...



En “Cores” podes definir a cor da liña e a cor do fondo, opacidade, ...



COPIAR TEXTO A UNHA MOLDURA

Insire unha nova moldura de texto na primeira páxina. Sitúa o cursor sobre ela, preme o botón dereito e escolle: **"Editar (modificar) texto"**. Ábrese unha ventá como a que viches anteriormente.


Accede á páxina do IES e selecciona o texto dun artigo calquera. Cópiao.

Volve a Scribus e pega o texto na ventá que se abriu no primeiro paso. Podes editalo (tamaño, cor, ...). Se o cadro non é suficiente para que entre todo o texto proba a modificar o seu tamaño.



TEXTO QUE OCUPA DÚAS MOLDURAS

Introduce dúas molduras, na primeira pon un texto (no exemplo púxose un de mostra de 1 parágrafo).


Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit. Ut a sapien. Aliquam aliquet purus molestie dolor. Integer quis eros ut erat posuere dictum. Curabitur dignissim. Integer orci. Fusce vulputate lacus at



Se, en lugar de querer facer a moldura máis grande, queres que o texto continúe noutra, selecciona a primeira e pica no botón sinalado na imaxe:



sum dolor sit
nsectetuer
g elit. Ut a
liquam aliquet
lestie dolor.
uis eros ut erat




Pica agora na segunda moldura; se todo foi ben o texto debería repartirse entre as dúas:

Lorem ipsum dolor sit amet,
consectetur adipiscing elit. Ut a
sapien. Aliquam aliquet purus molestie
dolor. Integer quis eros ut erat posuere
dictum. Curabitur dignissim. Integer
orci. Fusce vulputate lacus at ipsum.
Quisque in libero nec mi laoreet
volutpat. Aliquam eros pede,
scelerisque quis, tristique cursus,


placemat convallis, velit. Nam condimentum. Nulla ut
mauris. Curabitur adipiscing, mauris non dictum aliquam,
arcu risus dapibus diam, nec sollicitudin quam erat quis
ligula. Aenean massa nulla, volutpat eu, accumsan et,
fringilla eget, odio. Nulla placemat porta justo. Nulla vitae
turpis. Praesent lacus.
Suspendisse potenti. Cras ut mi sit amet quam consequat
consequat. Aenean ut lectus. Cum sociis natoque
penatibus et magnis dis parturient montes, nascetur
ridiculus mus. Suspendisse vel sapien. Nullam non turpis.
Pellentesque elementum pharetra ligula. In rhoncus.
Aliquam vel enim consequat sem aliquet hendrerit. Lorem

MOLDURA DE TEXTO CON FORMA ESPECIAL


Proba a inserir unha forma especial. Selecciona unha e logo trázaa na páxina:




A forma aparecerá debuxada na páxina:



Sitúa o cursor sobre ela, preme o botón dereito do rato e escolle: **Converter en > Moldura de texto**





A forma terá agora as propiedades dunha moldura de texto. Podes engadir texto, darlle formato, ... Se premes a tecla F2 poderás modificar as propiedades da moldura (cor, rotación, ...).





MOLDURA CON FORMA LIBRE

Usando a ferramenta lapis podes trazar unha forma libre a man alzada:




Sitúa o cursor sobre ela, preme o botón dereito do rato e poderás convertela nunha moldura de texto. Como normalmente non estará correctamente pechada, primeiro haberá que convertela en “polígono” e, a continuación, en “moldura de texto”:




POÑER UN TEXTO EN COLUMNAS


Sitúate na segunda páxina e crea unha moldura de texto que ocupe toda a área exceptuando as marxes:



Ca moldura seleccionada preme a tecla F2. Pica en “**Texto**” e en “**Distancias entre as columnas e os textos**”:



No exemplo escóllense dúas columnas separadas 1 cm:




Enche a moldura cun texto calquera (por exemplo de

mostra) e observa o resultado:



No exemplo xustificouse o texto picando no botón:





CREAR UN ESTILO


Os estilos facilitan a edición do texto. Podes definir, por exemplo, 4 ou 5 estilos para logo aplicar á revista. Para crear un estilo vai a “**Modificar > Estilos**”. Ábrese unha ventá como a da imaxe:

Pica no botón “**Novo > Estilo de parágrafo**” e ampliárase a ventá. Na pestana “Propiedades” podes definir, entre outros:

- Nome do estilo: no exemplo “Arial 12” para identificalo sen problema.
- Interliñado: no exemplo 15 pt
- Xustificación, centrado, ...
- Tabuladores e sangrado.



Na pestana "Estilo de carácter" podes definir o tipo de fonte (Arial, Times, Courier, ...), tamaño, cor, ...




Unha vez definido o estilo pica no botón "**Aplicar**" e pecha a ventá.


EMPREGAR ESTILOS

Imaxina que tes creados 4 ou 5 estilos e tes unha moldura de texto como, por exemplo, a da imaxe (texto distribuído en 3 columnas, cursiva, cor vermella, fonte calibri):


Veremos dúas maneiras de aplicar estilos: só a unha parte ou a todo o texto da moldura. No exemplo aplícase o estilo creado no paso anterior: arial, 12, xustificativo, negro.



- **Modificar só o primeiro parágrafo:** selecciona a moldura de texto > botón dereito do rato > editar o texto. Aparece unha ventá como a da imaxe e só terás que marcar o estilo que queres para o primeiro parágrafo.




- **Modificar todo o texto da moldura:** selecciona a moldura e preme F2. En "Texto" busca o botón "Configuración dos estilos" e escolle o que desexas. A totalidade do texto da moldura adoptará ese estilo.




MOLDURAS DE IMAXE

As molduras de imaxe son equivalentes ás de texto pero, obviamente, poden conter imaxes que temos gardadas no noso ordenador. Actívanse picando no seguinte botón:



Na imaxe introduciuse unha, para diferencialas das molduras de texto o programa ponlles un X de esquina a esquina.

Para introducir unha imaxe basta con situarte sobre a moldura > botón dereito do rato > obter imaxe:




Despois, podes situarte sobre a moldura > botón dereito > e podes escoller entre axustar a imaxe á moldura ou viceversa.

Se premes a tecla F2 sobre unha moldura de imaxe seleccionada podes poñerlle liña de bordo en cor, etc.


FORMAS

No apartado das molduras de texto viches como hai formas ou trazados libres que se poden converter en molduras de texto. Tamén se poden converter en molduras de imaxe ou deixalas tal cual.

Imaxina que queres que unha páxina da revista teña unha cor determinada. Podes trazar sobre ela unha forma rectangular:




Se premes a tecla F2 poderás darlle cor, modificar a opacidade, ...




PÁXINAS MESTRAS

Imaxina que queres que a maioría das páxinas da revista teñan un aspecto como a da imaxe, é dicir:

- Unha determinada cabeceira (fonte, tamaño, ...)
- O nº no pé de páxina.
- Unhas marxes determinadas.



Podes definir esta páxina como mestra situándote sobre ela e indo a "**Páxina > Converter a páxina mestra**". Pedirache que lle poñas un nome e ¡listo!. **Importante: nun documento pode haber varias páxinas mestras.**




INTRODUCIR MÁIS PÁXINAS

Para introducir máis páxinas no noso documento unicamente haberá que ir a "**Páxina > Inserir**". Podes inserir 1, 2, ... as que queiras páxinas "normais" ou páxinas a partir dunha mestra:



BORRAR PÁXINAS

Para borrar unha páxina só hai que situarse sobre ela > botón dereito > eliminar páxina. Aparece unha ventá que nos permite borrar máis dunha.



EXPORTAR A PDF E IMPRIMIR

Unha vez que tes un documento con X páxinas pódelas imprimir directamente ou ben, como faremos nós, exportala primeiro a PDF e logo imprimila.

É moi fácil:

Ficheiro > Exportar > PDF

Ou ben picar neste botón:



Aparece unha ventá con varias opcións. A destacar a compresión das imaxes (habará que facer probas para ver que resultado é o óptimo) e a pestana cores (tamén habrá que probar).

Habrá que indicarlle ó programa o nome do arquivo e a súa ubicación e LISTO!